



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Antonio Crespo Iglesias

VOGAIS

Dna. Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da
provincia de Pontevedra)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de
avogados da provincia)

Dna. Lorena Peiteado Pérez
(Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE QUINTELA
(CRECENTE)**

D. Juan José Carballo López
D. Rita Pérez Vázquez

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo
(Funcionaria adscrita ao Servizo
Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 20/12/2017 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado “Coto da Cidá”, na parroquia de Quintela, solicitado a favor dos veciños da CMVMC de Quintela (Crecente)

Antecedentes de feito:

Primeiro. Con data do 20/07/2015, Juan José Carballo López, en nome da CMVMC de Quintela, Concello de Crecente, solicita a clasificación como montes veciñal en man común (en diante MVMC) do monte “Coto da Cidá” a favor dos veciños da parroquia de Quintela. Coa solicitude xunta:

-Memoria técnica do monte “Coto da Cidá”, executado pola enxeñeira técnica forestal Rita Pérez Vázquez. Inclúe medición da finca e composición sobre catastro: 36014A016013290000YT e 36014A016021030000YY.

-Os antecedentes de uso que se citan: "A parcela "Coto da Cidá" é de propiedade comunal e os veciños da parroquia veñen utilizando un uso habitual e continuado da mesma. Trátase dunha parcela cun claro uso forestal, poboado por pinus pinaster fundamentalmente. Obsérvanse restos dun antigo vertedoiro cuxos custos de selado foron sufragados pola comunidade de montes. Na mesma parcela existe unha infraestrutura de carácter municipal (depuradora). Tradicionalmente se realiza nesta parcela o aproveitamento de leñas e esquilme para o gando, na actualidade a comunidade de montes a través dos veciños comuneiros do lugar seguen realizando estes usos. Os traballos silvícolas nas masas forestais existentes así como rozas de rasos e limpeza de escombros, corren a conta da comunidade de montes de Quintela "

Segundo. Con data do 14/09/2015, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación da parcela "Coto da Cidá" de 1,56 ha., da non afección a montes de Utilidade Pública nin afección a Rede Natura 2000. Asemade xunta montaxe sobre ortofoto e catastro da antedita finca.

Terceiro. Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante a parcela obxecto do expediente obedece á seguinte descrición:

Concello: Crecente

Parroquia: Quintela

Nome do Monte: Coto da Cidá

Cabida: 15.589,2 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

Norte: camiño asfaltado, Felicidad Recarey Bello (polg 16, parcela 1309), Elena Estévez Gómez (polg 16, parcela 1310), Víctor Martínez Estévez (polg 16, parcela 1311), Guillermina Estévez Vallejo (polg 16, parcela 1312), Manuel Estévez Domínguez (polg 16, parcela 1314).

Sur: Antonio Estévez Vallejo (polg 16, parcela 1256), María Florinda Rodríguez Rodríguez (polg 16, parcela 1257), Manuel Sanchez Rivera (polg 16, parcela 1262), Concepción Corbal Pérez (polg 16, parcela 1263), Elisa Moure Pérez (polg 16, parcela 1288).

Leste: María Cruz Alonso Estévez (polg 16, parcela 1316), descoñecido (polg 16, parcela 1355), Benito Blanco Vázquez (polg 16, parcela 1302),



Manuel Carpintero Oliva (polg 16, parcela 1299), Margarita Rodríguez Fernández (polg 16, parcela 1297), Francisco Martínez Pérez (polg 16, parcela 1296), José Rodríguez Martínez (polg 16, parcela 1294), María Álvarez Martínez (polg 16, parcela 1292), Aurora Pérez Pérez (polg 16, parcela 1291), Manuel Carpintero Oliva (polg 16, parcela 1289).

Oeste: camiño asfaltado, Antonio Vallejo Estévez (polg 16, parcela 1250), Os Carajiños (polg 16, parcela 1251), Juan José Pérez Martínez (polg 16, parcela 1252), Cándido Manuel López Gil (polg 16, parcela 1253), José Fernández Rivera (polg 16, parcela 1254).

Cuarto. Con data do 14/12/2016, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra acorda incoar expediente de clasificación da parcela "Coto da Cidá" e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notificase ao Concello de Crecente e ao promotor da clasificación.

Quinto. Con data do 15/02/2017, o persoal do Distrito XVII emite informe preceptivo do Servizo de Montes: *"A zona que se solicita para a súa clasificación como monte veciñal atópase con uso forestal, poboado con piñeiros dunha idade media de 40 anos e latizal de Q. Robur. Os límites da parcela que se quere clasificar como veciñal correspóndese con sendas e en maior medida con camiño asfaltado e muros de pequeno porte. Na parcela pódese observar restos dun antigo vertedoiro e unha construción dunha depuradora"*.

Sexto. Con data do 30/06/2017, o Rexistro da Propiedade de Ponteareas certifica que a finca da que se insta a clasificación, coa información facilitada, non se atopan inscritas no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Ponteareas, notificase o trámite de audiencia, publícase edicto no Concello de Crecente e no DOG o anuncio do 20 de xuño de 2017 polo que se inicia a clasificación do montes "Coto da Cidá" a favor da CMVMC de Quintela (DOG núm.125, do 3 de xullo).

Sétimo. Dentro do período do trámite de audiencia non se reciben alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

“Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluindo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

Terceiro. O uso ou aproveitamento en man común da parcela Coto da Cidá queda suficientemente acreditado de xeito documental.

Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC de terceiros que acrediten un uso privativo desta parcela demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Quintela, Concello de Crecente.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

CLASIFICAR como monte veciñal en man común a parcela “Coto da Cidá” a favor da **CMVMC de Quintela**, da parroquia de Quintela (Crecente) de acordo



coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de montes e que forma parte inseparable da presente resolución. Esta parcela está composta polas referencias catastrais do informe de Validación Gráfica Catastral CSV: FJ0T43K140E127CM.


Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

565.400

565.600

565.800

566.000



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación do monte "Coto da Cidá"

Comunidade de Montes Veciñal en man común de Quintela

Crecente

Escala: 1:2.000
 Decembro-2.017

Quintela

A Sabanle

Borbote

Río Miño

15.589 m.²

4.666.600

4.666.600

4.666.400

4.666.400

565.400

565.600

565.800

566.000

Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the map.